





XUNTA
DE GALICIA


CHAVES

para a prevención
da COVID -19 na túa empresa



Información útil do ISSGA para pemes,
persoal autónomo e o seu persoal traballador





CONTIDO

MEDIDAS PARA A PREVENCIÓN DE CONTAXIOS NO CENTRO DE TRABAJO	5
• Que medidas debo adoptar no meu centro de traballo para evitar o contaxio?.....	5
• Que instrumentos me facilitan levar a cabo estas medidas?.....	5
DEFINICIÓNS	6
• Que é un gromo?	6
• Cal é a diferenza entre illamento, corentena e distancia interpersonal?.....	6
SOSPEITA POR SÍNTOMAS COMPATIBLES CON COVID-19	6
• Que debo facer se manifesto síntomas antes de ir ao traballo?	6
• E se os síntomas aparecen estando no traballo?	7
• Que facer se hai un caso con síntomas en espera de probas ata a súa confirmación no meu centro de traballo/na empresa?	7
SEGUIMIENTO DOS CONTACTOS NO CENTRO DE TRABAJO	7
• Que é un contacto estreito?.....	7
• Quen di cales son os contactos estreitos e o que deben facer?.....	8
CASOS POSITIVOS NUN CENTRO DE TRABAJO	8
• Que debe facer a persoa responsable do centro de traballo/empresa se hai un caso confirmado?.....	8
• Teño que contratar unha empresa de limpeza especializada para facer a desinfección cando hai un caso positivo no meu centro de traballo?.....	9
• Teño que pechar o centro de traballo se teño un caso confirmado?.....	10
• Teño que tramitar o parte de accidentes de traballo en Delt@ se unha persoa se atopa en período de illamento ou contaxio polo virus SARS-CoV-2 (COVID-19)?	10
MEDIDAS DE SEPARACIÓN FÍSICA	10
• Se instalo pantallas de separación podo reducir a distancia de seguridade interpersonal?.....	10
• Se teño pantallas de separación instaladas teño que respectar igualmente a obriga de usar a máscara?	10
• Se uso pantalla facial, teño que levar máscara igualmente?.....	11

MÁSCARAS	11
• Que tipo de máscara se debe usar nos centros de traballo para a protección fronte a COVID-19?	11
• En que situacións é obrigatorio o uso da máscara?	12
• Que debo ter en conta á hora de utilizar a máscara?	13
USO DE LUVAS	13
• Se teño que usar luvas, que medidas de protección debo tomar?	13
VENTILACIÓN	14
• Como podo asegurar unha adecuada ventilación?	14
TRATAMENTOS DE DESINFECCIÓN	14
• É recomendable o uso de máquinas de ozono para a desinfección de locais?	14
• Pódese inactivar o virus cunha lámpada ultravioleta?	15

MEDIDAS PARA A PREVENCIÓN DE CONTAXIOS NO CENTRO DE TRABAJO

• Que medidas debo adoptar no meu centro de traballo para evitar o contaxio?

A persoa responsable da actividade ten a obriga de **implantar as medidas necesarias para a prevención de contaxios indicadas polas autoridades sanitarias**. En Galicia estas medidas están recollidas na RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade (DOG Núm. 115 do 13 de xuño de 2020) e as súas modificacións posteriores.

Basicamente, as **medidas máis importantes** que se deben adoptar son:

- Garantir a distancia de seguridade interpersoal de polo menos 1,5 metros.
- Respetar as medidas de hixiene persoal: lavado de mans, etiqueta respiratoria,
- Usar adecuadamente a máscara e outros medios de protección que se precisen.
- Reforzar a limpeza e desinfección dos locais e de aquelas superficies que se tocan con máis frecuencia.
- Asegurar a renovación de aire nos locais, tanto se a ventilación é natural (portas e ventás), como se teñen instalados sistemas de ventilación ou climatización.
- Establecer medidas organizativas principalmente para evitar a confluencia de persoas.
- Informar ás persoas traballadoras e usuarias dos centros de traballo sobre as medidas a cumprir e sobre as pautas de actuación ante unha sospeita de COVID-19 no lugar de traballo.

• Que instrumentos me facilitan levar a cabo estas medidas?

A elaboración dun **plan de continxencia pode ser unha boa ferramenta** para facilitar a adopción das medidas anteriormente indicadas, en especial para as actividades de maior complexidade. Deberase recoller en todo caso como actuar no caso dunha sospeita de COVID-19.

A adopción destas medidas pode ser máis ou menos complexa en función do tipo de actividade, número de traballadores, tipo de local, sector, atención ao público, etc. Correspóndelle ao servizo de prevención de riscos laborais asesorar á empresa nesta tarefa.

Un plan de continxencia é un conxunto de instrucións e procedementos coas accións a levar a cabo para facer efectivas as medidas fronte ao contaxio, e así, asegurar tanto a protección da saúde do persoal traballador e das persoas usuarias, como o mantemento da actividade da empresa.

O Issga elaborou unha guía e un cartel con orientacións para a elaboración deste plan, que pode descargar na seguinte ligazón:

http://issga.xunta.gal/portal/contido/documentacion/publicacions/area-tecnica/doc_0075.html

DEFINICIÓNS

- Que é un gromo?

É un episodio no cal xorden tres ou máis persoas confirmadas de COVID-19 que están relacionadas, no mesmo momento ou lugar.

- Cal é a diferenza entre illamento, corentena e distancia interpersonal?

- O **illamento** é unha medida que teñen que adoptar as persoas con síntomas de COVID-19 e consiste en que queden na casa, preferentemente nunha habitación separada, para evitar infectar a outras persoas, incluídos os seus familiares.

<https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Medidas-de-illamento-domiciliario>

- A **corentena** significa separarse dos demais porque estivo exposto a alguén con COVID-19 aínda que vostede mesmo non teña síntomas. Durante a corentena, debe permanecer no seu domicilio, vixiar o seu estado para detectar síntomas e restrinxir ao máximo os contactos e as saídas. O obxectivo da corentena é previr a transmisión.

- A **distancia interpersonal** refírese á separación entre persoas. É unha medida xeral que todas as persoas deberían adoptar mesmo se se atopan ben e non tiveron unha exposición coñecida á COVID-19.

SOSPEITA POR SÍNTOMAS COMPATIBLES CON COVID-19

- Que debo facer se manifesto síntomas antes de ir ao traballo?

Debe permanecer no seu domicilio se ten algún dos síntomas compatibles con COVID-19, tales como febre, calafríos, tose, sensación de falta de aire, diminución do olfacto e do gusto, dor de garganta, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos.

Contacte co seu **centro de saúde** ou chame ao teléfono **900 400 116** para recibir instrucións sobre as condicións de illamento preventivo ou corentena que deba gardar e, de ser o caso, realice as probas diagnósticas que lle indiquen.

Non esqueza que é obrigatorio **comunicalo no seu centro de traballo** segundo o procedemento previsto e do que previamente debeu ser informado.

- E se os síntomas aparecen estando no traballo?

Debe comunicalo no centro de traballo mediante o procedemento previsto.

Utilice unha **máscara cirúrxica** e afástese a unha **estancia separada**, se é posible ben ventilada.

Chame ao seu **centro de saúde** ou ben ao **900 400 116** e siga as instrucións que reciba.

- Que facer se hai un caso con síntomas en espera de probas ata a súa confirmación no meu centro de traballo/na empresa?

O persoal que poida ser considerado contacto estreito dese posible afectado debe vixiar os síntomas á espera de que se resolvan as probas diagnósticas. Podería ir traballar respectando en todo momento as medidas de prevención, especialmente o uso da máscara, en tanto non haxa outras indicacións por parte dos profesionais sanitarios.

SEGUIMIENTO DOS CONTACTOS NO CENTRO DE TRABAJO

- Que é un contacto estreito?

Enténdese por contacto estreito (exceptuando ao persoal sanitario ou de atención á dependencia):

- Calquera **persoa que proporcionase coidados a unha persoa infectada**.

- Calquera persoa que estivese no **mesmo lugar que unha persoa infectada**, a unha **distancia menor de 2 metros** (ex. visitas, reunión) e durante **máis de 15 minutos**.

Nos lugares de traballo **o servizo de prevención de riscos laborais, ou a persoa designada para este fin, poderá decidir se se trata dun contacto estreito ou non** tendo en conta o cumprimento das medidas preventivas, como pode ser o uso continuado da máscara ou outras. **As persoas que estiveran a menos de 2 metros e durante máis de 15 minutos coas medidas de protección adecuadas, non serían contactos estreitos**. No caso de que haxa dúbida de se as medidas de protección utilizadas fosen as adecuadas, esa persoa debería ser considerada contacto estreito.

Consideraranse os contactos desde 2 días antes de que a persoa enferma teña síntomas ata o momento de ser illada. Cando son persoas asintomáticas confirmadas por probas diagnósticas, os contactos buscaranse desde 2 días antes da data da toma de mostra para o diagnóstico.

Non se consideran contactos estreitos aqueles que estiveron en contacto con persoas en illamento preventivo en tanto as probas diagnósticas sexan negativas.

- **Quen di cales son os contactos estreitos e o que deben facer?**

Se o contacto estreito é familiar, serán **os profesionais sanitarios de atención primaria ou de saúde pública** os que identifiquen e indiquen os pasos para seguir.

Se o contacto estreito é laboral, **tamén pode ser o seu servizo de prevención de riscos laborais** quen faga este labor. Avaliar e caracterizar os niveis de risco dos establecementos ou locais por parte do servizo de prevención ou do titular, permitirá tomar as decisións correctas na xestión dos contactos. Por exemplo, a situación de 2 traballadores nunha cociña pequena podería clasificarse de maior risco, xa que están en movemento, comparten útiles, e é difícil en ocasións levar adecuadamente a máscara. Mentres que 2 traballadores sentados nun posto de recepción, cos seus postos perfectamente delimitados, sen compartir material, poderíase considerar de menor risco.

As persoas consideradas contactos estreitos **téñense que someter a corentena e vixilancia de síntomas, seguindo as instrucións dos profesionais sanitarios.**

Non necesita coller unha baixa se pode teletraballar. Se isto non é posible, debe solicitar a baixa no médico de Atención Primaria. Considérase unha situación asimilada a accidente de traballo para a prestación económica, pero a continxencia para cubrir será de enfermidade común. Pode ser necesario achegar o informe do médico do servizo de prevención de riscos laborais da empresa cando a corentena fose indicada por este servizo.

CASOS POSITIVOS NUN CENTRO DE TRABALLO

- **Que debe facer a persoa responsable do centro de traballo/empresa se hai un caso confirmado?**

Debe **colaborar** cos profesionais sanitarios para a **detección precoz** de todos os posibles contactos no ámbito laboral.

Contará co apoio do **seu servizo de prevención de riscos laborais**, que debe colaborar con sanidade na detección, investigación e seguimento dos casos e contactos estreitos.

Cando sexa necesario algún tipo de asesoramento no ámbito laboral (por exemplo posibilidade dun gromo), ou haxa que **notificar algún contacto estreito**, contactarase cos **servizos de alertas epidemiolóxicas** da Consellería de Sanidade:

- A Coruña: 981 155 834
- Lugo: 982 292 114
- Ourense: 988 066 339
- Pontevedra: 986 885 872

Debe facer unha **limpeza e desinfección** a fondo do centro de traballo garantindo a desinfección das zonas de uso común e das superficies de maior contacto.

• **Teño que contratar unha empresa de limpeza especializada para facer a desinfección cando hai un caso positivo no meu centro de traballo?**

Non é necesario. O importante é facer unha limpeza e desinfección a fondo con dilucións de lixivia 1:50 recentemente preparadas ou produtos virucidas que se atopan no mercado autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade que son os que están nesta listaxe:

https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos/Listado_virucidas.pdf

Débese ter en conta o seguinte:

- A limpeza debe garantir a desinfección das zonas de uso común e das superficies de maior contacto
- Debe ser complementada cunha adecuada ventilación do lugar para eliminar os aerosois que puidesen quedar no ambiente, isto pode requirir forzar os sistemas de ventilación mecánica
- Non é necesario aplicar tratamentos con equipos que pulverizan produtos desinfectantes para a desinfección do local
- Durante a limpeza e desinfección é importante que o persoal siga as medidas de prevención e protección requiridas para levar a cabo a tarefa en condicións de seguridade seguindo as indicacións da etiqueta e da ficha de datos de seguridade
- O produto que se elixa para a limpeza e desinfección, deberá ser acorde ás características das superficie e do local a desinfectar, hai produtos que poden danar determinadas superficies e materiais.

Para máis información pode consultar os seguintes documentos:

- Medidas hixiénicas para a prevención de contaxios do Ministerio de Sanidade:

https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos/Medidas_higienicas_COVID-19.pdf

- Nota informativa sobre a eficacia da desinfección de equipos e produtos biocidas para previr a transmisión da COVID-19 da Consellería de Sanidade:

https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Documents/310/Nota_informativa_productos Equipos_COVID19.pdf

- Teño que pechar o centro de traballo se teño un caso confirmado?

Non necesariamente. O peche virá condicionado pola imposibilidade de continuar coa actividade debido ao persoal afectado que deba coller a baixa ou cando así o indiquen as autoridades sanitarias en función da casuística concreta do centro de traballo.

O importante é que se faga a identificación e illamento dos contactos estreitos e unha limpeza, desinfección e ventilación do lugar de traballo adecuadas.

- Teño que tramitar o parte de accidentes de traballo en Delt@ se unha persoa se atopa en período de illamento ou contaxio polo virus SARS-CoV-2 (COVID-19)?

Agás que se demostre que o contaxio foi por causa exclusiva da realización do traballo, como é o caso de persoal sanitario ou sociosanitario, estes períodos non se consideran accidentes de traballo (a excepción da prestación económica) e polo tanto non se deben declarar como accidente de traballo (Artigo 5º do Real Decreto-lei 6/2020, de 10 de marzo).

MEDIDAS DE SEPARACIÓN FÍSICA

- Se instalo pantallas de separación podo reducir a distancia de seguridade interpersonal?

Cando non sexa posible cumprir coa distancia de seguridade interpersonal de polo menos 1,5 metros, deberá valorarse a instalación de pantallas de separación ou elementos similares, especialmente en aqueles postos de traballo que implican atención ao público (en oficinas, supermercados, comercio, venda de billetes...).

Non é recomendable instalar moitas barreiras nun espazo determinado porque pode afectar á súa adecuada ventilación.

As pantallas ou elementos que se instalen deben permitir ser limpados de maneira fácil e frecuente.

- Se teño pantallas de separación instaladas teño que respectar igualmente a obriga de usar a máscara?

Si. A instalación dunha pantalla de separación non exime do cumprimento doutras medidas como son o uso da máscara, as medidas de hixiene e a etiqueta respiratoria.

- Se uso pantalla facial, teño que levar máscara igualmente?

Si. Débese ter en conta que as pantallas faciais son equipos de protección da cara e os ollos, aínda que poden supoñer certa barreira fronte ás pingas que poidan ser proxectadas por unha persoa que tose ou esbirra. Esta protección é parcial porque a pantallas non vai axustada ás vías respiratorias, polo tanto, pode utilizarse como un complemento á máscara pero nunca en substitución da mesma.

A pantalla pode ser útil en tarefas que requiren proximidade á clientela e usuarios (persoas sans) que non poden levar a máscara posta polo tipo de servizo que se realiza, por exemplo, tratamentos dentais, barbeados, tratamentos de beleza facial, etc.

A utilización destes equipos debe realizarse de acordo ás indicacións recollidas nas instrucións de uso e lembrando a necesidade de limpar frecuentemente ambos os lados da pantalla e tendo en conta que deber ter unha clase óptica adecuada e non deben xerar incomodidade adaptándose correctamente a cada usuario.

MÁSCARAS

- Que tipo de máscara se debe usar nos centros de traballo para a protección fronte a COVID-19?

As máscaras hixiénicas e cirúrxicas actúan de barreira das pingas respiratorias que botamos ao ambiente cando falamos, tusimos, esbirramos... e son efectivas cando se usan por todas as persoas que están nun lugar determinado.

No ámbito laboral é especialmente importante utilizar **máscaras hixiénicas** que respondan a estándares de calidade e aseguren polo tanto uns requisitos mínimos, tanto de eficacia de filtración como de resistencia á respiración. Este é o caso das que se comercializan baixo a especificación técnica **UNE 0064-1:2020**, cando se trata de non reutilizables, ou ben baixo a **UNE 0065:2020** cando son reutilizables. Estas máscaras deben indicar claramente a especificación técnica que cumpren e vir acompañadas dunhas instrucións de uso.

As máscaras **cirúrxicas ou médicas** son un produto sanitario homologado. O mercado CE e a referencia á norma UNE-EN 14683 asegura o cumprimento dun estándar de calidade. O seu obxecto é evitar que o persoal sanitario e os pacientes infectados ou sospeitosos transmitan axentes infecciosos. A máscara cirúrxica debe colocarse a calquera persoa que presente síntomas estando no traballo.

O persoal traballador que pertenza a un grupo vulnerable utilizará máscaras hixiénicas ou cirúrxicas, con todo terase en conta o criterio médico e o traballo a desenvolver para a selección correcta.

A máscara de protección individual **EPI (tipo FFP2)** só debe utilizarse cando así o indique o servizo de prevención, que debe determinar o seu uso, tipo, tarefas e situacións nas que debe usarse. A máscara non debe estar provista de válvula exhalatoria.

Con independencia do tipo de máscara é moi importante o axuste, debe ir cinguida estreitamente sobre a boca, nariz e barbela e debe facerse un uso correcto segundo as indicacións do fabricante.

O emprego de máscaras é unha medida complementaria e non substitúe as medidas preventivas establecidas como, por exemplo, distanciamento físico, etiqueta respiratoria, hixiene de mans e evitar tocar a cara, o nariz, os ollos e a boca.

Recomendámoslle que consulte este documento do Ministerio de Consumo no que atopará máis información e detalles sobre como saber se cumpren a especificación, o uso correcto, onde compralas etc:

https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/documentos/030520_GUIA_COMPRA_MASCARILLAS.pdf

- **En que situacións é obrigatorio o uso da máscara?**

Desde o 19 de xullo en Galicia **é obrigatorio o uso da máscara, aínda que se poida manter a distancia de seguridade interpersonal** de polo menos 1,5 metros, nos seguintes espazos:

- A vía pública.
- Espazos ao aire libre.
- **Calquera espazo pechado de uso público ou que se atope aberto ao público.** Ademais mantense o uso obrigatorio nos medios de transporte:
 - Público (en autobús, ferrocarril, aéreo e marítimo).
 - Privados, cando as persoas non sexan conviventes.

A norma regula así mesmo as **excepcións**, en concreto no ámbito laboral non será esixible o uso de máscara cando **pola propia natureza das actividades resulte incompatible** conforme **indicacións das autoridades sanitarias**.

Nos espazos privados recoméndase o uso da máscara, tanto abertos como pechados, cando exista unha posible confluencia de persoas non conviventes, aínda cando poida garantirse a distancia de seguridade.

Os **servizos de prevención de riscos laborais**, tendo en conta as características nas que se desenvolve a actividade, deberán **asesorar ás empresas sobre as condicións de utilización da máscara**.

Para máis información pode consultar a nota sobre o uso da máscara da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade:

https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Documents/476/Uso_mascarilla.pdf

- **Que debo ter en conta á hora de utilizar a máscara?**

Debe utilizala correctamente por iso é importante seguir as seguintes recomendacións sanitarias:

- Lave as mans antes de poñela.
- Colla a máscara polas gomas.
- Coloque a cara de cor azul cara a fóra e o arame arriba se se trata dunha máscara cirúrxica.
- Axústela e cubra ben o nariz, a boca e o queixo.
- Evite tocar a máscara mentres a leve posta.

Para retirala cóllaa polas gomas sen tocar a máscara, refúguela nun cubo e non esqueza lavar as mans.

USO DE LUVAS

- **Se teño que usar luvas, que medidas de protección debo tomar?**

En xeral, non se recomenda o uso de luvas como medida preventiva para evitar contaxios, xa que estas transmiten igualmente o virus se o uso non vai acompañado dunha correcta hixiene de mans.

Se precisa utilizalas en determinadas tarefas debe gardar algunhas precaucións:

- Lave as mans antes de poñelas.
- Evite tocar a cara.
- Non manipule obxectos persoais con elas postas (coller o móbil, as lentes,..)
- Retíreas sen tocar a superficie que estivo exposta.
- Refúguelas correctamente despois do seu uso.
- Lave as mans con auga e xabón ou cunha solución hidroalcohólica.

VENTILACIÓN

- Como podo asegurar unha adecuada ventilación?

Debe ter en conta as características do espazo a ventilar:

- Preferirase a **ventilación natural**: abríranse as ventás polo menos durante 15 minutos antes de entrar no local, incluso aínda que haxa ventilación mecánica.
- No caso de que non dispoña de ventás e teña un sistema de **ventilación centralizada** debe subministrarse tanto aire exterior fresco como sexa posible: 12,5 l/s e ocupante (mínimo recomendable). Desactivarase a recirculación do aire interior.
- No caso de dispoñer de **sistemas fancoils ou split** (tipo cassette): recoméndase apagalos, se non é posible entón os seus ventiladores deben funcionar continuamente.
- No caso de locais con dificultades para obter unha ventilación satisfactoria, recoméndase o uso de unidades portátiles equipadas con filtros de alta eficiencia HEPA, situadas nos espazos para tratar. É preciso que manteñan un índice de movementos hora significativo.

Recoméndase solicitar o **asesoramento** do **persoal** técnico encargado do **mantemento** dos sistemas de climatización co fin de **garantir unha adecuada renovación do aire** no local. Aconséllase substituír os filtros de aire de acordo co programa de mantemento xa establecido en cada edificio.

Para máis información consulte o documento "Recomendaciones de operación y mantenimiento de los sistemas de climatización y ventilación de edificios y locales para la prevención de la propagación del SARS-CoV-2 na seguinte ligazón:

https://www.msccbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos/Recomendaciones_de_operacion_y_mantenimiento.pdf

TRATAMENTOS DE DESINFECCIÓN

- É recomendable o uso de máquinas de ozono para a desinfección de locais?

Non, xa que non está avaliada esta forma de uso do ozono para a desinfección, descoñécese a súa eficacia contra o virus, a dose adecuada e a perigosidade para este uso concreto:

- Non existen biocidas rexistrados a base de ozono para ningún tratamento
- Quen utilice esta máquina faino baixo a súa responsabilidade
- Unha empresa rexistrada no Rexistro Oficial de Servizos Biocidas non podería utilizalas xa que só poden usar biocidas autorizados.

- **Pódese inactivar o virus cunha lámpada ultravioleta?**

A luz UV ten propiedades xermicidas en determinadas condicións. Débese ter en conta que:

- Non debe ser nunca ser aplicada sobre as persoas. Os efectos daniños comprobados son sobre a pel (irritación, envellecemento e cancro) e sobre os ollos (cataratas e inflamación da córnea e da conxuntiva).
- Non se avaliou o uso de lámpadas UV para desinfección de superficies. A luz UV máis efectiva contra o virus é a máis prexudicial para as persoas, a súa aplicación requiriría de persoal experto e aplicación con todas as medidas de seguridade.
- Un dos problemas da luz UV parece ser a súa limitada capacidade de penetración nos materiais e polo tanto parece ser eficaz para matar xermes cando se trata, por exemplo, de superficies lisas

Para máis información sobre os tratamentos de desinfección pode consultar:

https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Documents/310/Nota_informativa_produtos_equipos_COVID19.pdf

NOTA:

A Xunta de Galicia a través da Consellería de Sanidade ou outras Consellerías por razón de materia ten aprobado protocolos para determinados sectores. O Issga ven realizando un labor de asesoramento técnico na realización de guías e recomendacións preventivas por actividades, revisión de protocolos específicos e plans de continxencia, etc.



CHAVES

para a prevención
da COVID-19 na túa empresa

Información útil do ISSGA para pemes, persoal autónomo e o seu persoal traballador

iSSGA

INSTITUTO DE SEGURIDADE
E SAÚDE LABORAL DE GALICIA



**XUNTA
DE GALICIA**